



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

Data e hora de celebración

Xoves, 8 de agosto do 2024, ás 10:30 horas.

Lugar de celebración

Sala de Xuntas da Casa do Concello.

Asistentes

- **Presidenta:** D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.
- **Vocais:**
 - D. Marcos Veiga Rodríguez, Secretario Accidental do Concello
 - D. Jacobo Molina Saenz, Xefe do Servizo de Política Fiscal e Económica; en substitución de D. Vicente José Calvo del Castillo, Interventor Municipal.
- **Secretario da Mesa:** D. Iago A. López Álvarez, auxiliar administrativo da área de Contratación
- **Técnicos asistentes:**
 - D^a Isabel M^a Freire Ramos, enxeñeira municipal, para a licitación 2024/CONTRAT/000053
 - D^a M^a Luz Corral Uzal, Coordinadora das bibliotecas municipais, para a licitación 2024/CONTRAT/000077
 - D. Anxo Barreiros de la Torre, técnico municipal de educación, para a licitación 2024/CONTRAT/000067
- **Asistentes ao acto público de valoración dos sobres nº 3 dos lotes 1,2,4 e 5 do contrato 2024/CONTRAT/000079: PLAN II 2024 DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS: PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES:** D. Iago Merino Vidal, mediador de seguros da empresa "Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, S.A.U.", empresa coa que este Concello ten contratado o servizo de mediación de seguros privados do Concello de Oleiros.
- **Público asistente:**
 - D^a Elena Orro Arcay, Técnica de Contratación.





Habendo quórum, procédese a tratar os seguintes asuntos que figuran na Orde do Día:

1.- 2024/CONTRAT/000075: REPARACIÓN DE OBRA DE DRENAXE TRANSVERSAL EN O VALIÑO

Acto non público de:

- Apertura dos sobres nº 1 (documentación administrativa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)

2.- 2024/CONTRAT/000053: MANTEMENTO PINTADO DE LIÑAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Acto público de:

- Dítame sobre da oferta incursa na situación de anormalmente baixa
- Valoración, se procede, dos sobres únicos.
- Proposta de adxudicación, se procede.

3.- 2024/CONTRAT/000079: PLAN II 2024 DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS: PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES

Acto público de:

- Dítame sobre das oferta incursas na situación de anormalmente baixa (Lotes 1, 2, 4 e 5)
- Valoración, se procede, dos sobres únicos dos Lotes 1, 2, 4 e 5.
- Proposta de adxudicación, se procede, dos Lotes 1, 2, 4 e 5.

4.- 2024/CONTRAT/000077: SERVIZO DE COORDINACIÓN DOS CLUBS DE LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede

5.- 2024/CONTRAT/000067: DIRECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS

Acto público de:

- Valoración dos sobres nº 2 (criterios subxectivos suxeitos a avaliación previa)
- Apertura, se procede, dos sobres nº 3 (criterios obxectivos suxeitos a avaliación posterior)
- Valoración, se procede, dos sobres nº 3.
- Proposta de adxudicación, se procede





1.- 2024/CONTRAT/000075: REPARACIÓN DE OBRA DE DRENAXE TRANSVERSAL EN O VALIÑO

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003634, de 11 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación da obra denominada “REPARACIÓN DE OBRA DE DRENAXE TRANSVERSAL EN O VALIÑO”.

O importe de licitación é de 108.199,14 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (22.721,82 €), o que supón un importe de 130.920,96 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 12 de xullo do 2024.

Rematado o día 8 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
CONSTRUCCIONES LÓPEZ CAO, S.L.	B15072713	07-08-2024 12:10
HORDESCON, S.L.	B32108334	06-08-2024 18:46

De seguido, procédese, en acto non público, á apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa”. Deste xeito, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

Contido		Documento no que figura	LÓPEZ CAO	HORDESCON, S.L.
Autorizacións e declaracións	Datos do licitador a efectos de notificación electrónica	Anexo IV	Cumpre	-
	Autorizacións para a consulta de datos	Anexo IV	Cumpre	-
	Pertenza ou non a grupo de empresas	Anexo IV	Cumpre	-
	Compromiso de constitución de UTE	Anexo IV	Cumpre	-
	Datos de subcontratación	Anexo IV	Cumpre	-
Capacidade de obrar		DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas tributarias		DEUC	Cumpre	Cumpre
Cumprimento coas obrigas da Seguridade Social		DEUC	Cumpre	Cumpre
Non estar incurso en incompatibilidades		DEUC	Cumpre	Cumpre





Non prohibición de contratar	DEUC	Cumpre	Cumpre
Declaración de sometemento á lexislación española	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia técnica	DEUC	Cumpre	Cumpre
Solvencia económica	DEUC	Cumpre	Cumpre

Faise constar que a empresa HORDESCON, S.L. non presenta o documento de autorizacións e declaración do Anexo IV do PCAP. O resto da documentación é presentada correctamente por todos os licitadores.

A Mesa de Contratación, tendo en conta que no caso do Anexo IV trátase dun defecto emendable, decide, para unha maior eficacia, economía e celeridade no procedemento de licitación, admitir a todas as empresas e, no caso de resultar adxudicataria algunha das que lle falta este documento, deberáselle requirir que presente o documento Anexo IV xunto coa documentación a que fai referencia a cláusula 2.3.2 do PCAP.

Deste xeito, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a tódalas empresas presentadas a esta licitación.

A continuación, a Mesa procede á apertura do sobre nº 2 denominado "Proposta suxeita a avaliación previa". Así, resulta que as empresas licitadoras presentan a documentación que consideran oportuna para que lle sexa valorada de conformidade cos criterios de adxudicación reflectidos no Anexo XI do PCAP, que consiste nun programa de traballo.

E a Mesa de Contratación por unanimidade dos asistentes, acorda:

SEGUNDO.- Remitir os arquivos ou sobres electrónicos nº 2 a informe dos servizos técnicos para que sexan avaliados de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XI do PCAP.





2.- 2024/CONTRAT/000053: MANTEMENTO PINTADO DE LIÑAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003365, de 21 de xuño do 2024, aprobouse o procedemento aberto simplificado sumario para a contratación do servizo denominado “MANTEMENTO PINTADO DE LIÑAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS”.

O importe de licitación, para un prazo de execución de un ano, é de 10.061,45 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (2.112,90 €), o que supón un importe de 12.174,35 € IVE engadido.

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 26 de xuño do 2024.

Rematado o día 10 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas, resulta que se presentaron as seguintes:

Licitador	Fecha presentación
NIF: B13707641 Razón Social: ALPER SPORT SL 2023	10-07-2024 17:24
NIF: B15623259 Razón Social: INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L.	02-07-2024 12:28
NIF: B70183538 Razón Social: MORA TALLER DE PINTURAS SLU	09-07-2024 12:04
NIF: B70195870 Razón Social: Medulio Servicios y Obras, S.L.	10-07-2024 15:55
NIF: B36878171 Razón Social: PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	03-07-2024 12:27
NIF: B94106663 Razón Social: ZONA DE OBRA O ROSAL SL	28-06-2024 08:49

A Mesa reunida o día 11 de xullo do 2024 procedeu á apertura do arquivo ou sobre electrónico Único presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa e proposición”.

Deste xeito, con respecto á documentación administrativa, a Mesa realiza as seguintes comprobacións:

- Con respecto ao Anexo IV do PCAP, unicamente a empresa “Puntodeporte Asesores, S.L.” presenta este documento. Sin embargo, esta empresa non presenta o documento DEUC, que si é presentado polo resto de licitadoras. O resto da documentación é presentada correctamente por todos os licitadores.

A Mesa de Contratación, tendo en conta que se trata dun procedemento aberto simplificado con sobre único, que todas estas empresas están inscritas no ROLECE, que en todos os casos, unicamente lles falta un único documento, e dado que tanto no caso do Anexo IV como o DEUC son defectos emendables, para unha maior eficacia, economía e celeridade no procedemento de licitación, decidiu admitir a todas as empresas e, no caso de resultar adxudicataria algunha delas, deberáselle requirir que presente o





documento que no seu caso lle falte (Anexo IV ou DEUC) xunto coa documentación a que fai referencia a cláusula 2.3.2 do PCAP.

Así, a continuación, a Mesa procedeu, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, á apertura da oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación foi remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, comprobando que a oferta presentada por “Medulio Servicios y Obras, S.L.”. estaría en situación de oferta anormalmente baixa.

O resumo das ofertas achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		ALPER SPORT SL 2023	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L.	MORA TALLER DE PINTURAS SLU	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.	PUNTO DEPORTE ASESORES, S.L.	ZONA DE OBRA O ROSAL SL
Oferta económica	Importe sen IVE	9.800,00 €	9.359,93 €	10.000,00 €	7.895,00 €	8.500,00 €	9.759,60 €
	Puntos						

A Mesa de Contratación, á vista da oferta anormalmente baixa presentada por “MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.”, acordou concederlle ao licitador “MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.” (B70195870) un prazo de cinco días hábiles para que xustifique a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, “MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.” presentou a documentación xustificativa en resposta ao requirimento que se lle enviou.

Con data de 7 de agosto do 2024, a enxeñeira municipal emite informe sobre a xustificación da oferta económica presentada por “MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.”.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomase coñecemento do informe emitido e procedera, se é o caso, á valoración da documentación contida nos sobres “3”.

Xa que logo, neste intre, en acto público ao que non se presenta ningún asistente; o técnico dá conta do informe emitido, informe que consta no expediente e que conclúe considerando xustificada a oferta anormalmente baixa presentada por “MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.”.

Neste informe -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, consideranse xustificada a oferta económica presentada pola licitadora; e conclúese:

“En conclusión, con base en tódolos motivos anteriormente expostos, a criterio deste servizo técnico, considéranse suficientemente xustificada a oferta económica realizada polo licitador MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L. para a licitación da obra de “MANTEMENTO E PINTADO DE LIÑAS EN INSTALACIÓN DEPORTIVAS”.

A Mesa, en consecuencia, toma coñecemento do informe emitido e, por unanimidade dos asistentes,





adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Admitir a esta licitación á empresa “MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.”, por entender xustificada a oferta anormalmente baixa presentada.

A continuación, a documentación presentada polos licitadores admitidos relativa á oferta económica e demais criterios obxectivos, aberta en sesión de 11 de xullo do 2024, é aportada aos servizos económicos para a súa correspondente avaliación.

Unha vez remitida a avaliación polos servizos económicos, estes valoraron as ofertas admitidas de acordo cos criterios do PCAP do seguinte xeito:

CRITERIO		ALPER SPORT SL 2023	INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L.	MORA TALLER DE PINTURAS SLU	MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.	PUNTODEPORTE ASESORES, S.L.	ZONA DE OBRA O ROSAL SL
Oferta económica	Importe sen IVE	9.800,00 €	9.359,93 €	10.000,00 €	7.895,00 €	8.500,00 €	9.759,60 €
	Puntos	12,13	32,53	2,85	89,59	71,56	14

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

Licitador	PT TOTAL	Orden
NIF: B70195870 Razón Social: Medulio Servicios y Obras, S.L. Fecha presentación: 10-07-2024 15:55	89,59	1
NIF: B36878171 Razón Social: PUNTODEPORTE ASESORES, S.L. Fecha presentación: 03-07-2024 12:27	71,56	2
NIF: B15623259 Razón Social: INSTALACIONES DEPORTIVAS GALLEGAS, S.L. Fecha presentación: 02-07-2024 12:28	32,53	3
NIF: B94106663 Razón Social: ZONA DE OBRA O ROSAL SL Fecha presentación: 28-06-2024 08:49	14,00	4
NIF: B13707641 Razón Social: ALPER SPORT SL 2023 Fecha presentación: 10-07-2024 17:24	12,13	5
NIF: B70183538 Razón Social: MORA TALLER DE PINTURAS SLU Fecha presentación: 09-07-2024 12:04	2,85	6

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle, ao órgano de contratación a adxudicación do contrato denominado “MANTEMENTO PINTADO DE LIÑAS EN INSTALACIÓN DEPORTIVAS” á empresa “MEDULIO SERVICIOS Y OBRAS, S.L.” (B70195870) polo importe de 7.895,00 € (sen IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.





3.- 2024/CONTRAT/000079: PLAN II 2024 DE SEGUROS DO CONCELLO DE OLEIROS: PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES. Lotes 1,2, 4 e 5.

Na Mesa de Contratación reunida o día 2 de agosto do 2024, unha vez abertos os sobres nº 1 desta licitación, e por unanimidade dos asistentes, acordouse admitir a tódalas empresas presentadas aos tres lotes esta licitación.

Procedeu a Mesa entón, á comprobación da documentación correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas (sobres nº 3) acordando o seguinte, respecto dos seguintes Lotes:

- **Lotes 1 e 5:** Compróbase que as ofertas presentadas por MGS, S.A. para estes lotes estaría en situación de oferta anormalmente baixa, polo que se lle concede un prazo de cinco días hábiles para que xustificase a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.
- **Lotes 2 e 4:** Compróbase que as ofertas presentadas por PREVISIÓN BALEAR, M.P.S. para estes lotes estaría en situación de oferta anormalmente baixa, polo que se lle concede un prazo de cinco días hábiles para que xustificase a oferta presentada nos termos previstos no art. 149.4 da LCSP.

Dentro do prazo concedido, estas dúas empresas presentan a documentación que consideran oportuna para xustificar as súas ofertas económicas, as cales son remitidas aos servizos técnicos para que a examinen e emitan informe ao respecto.

Con data de 6 e 7 de agosto do 2024, e previamente a celebración desta Mesa, D. Iago Merino Vidal, mediador de seguros da empresa "Willis Iberia Correduría de Seguros y Reaseguros, S.A.U.", empresa coa que este Concello ten contratado o servizo de mediación de seguros privados do Concello de Oleiros, emite informe técnico valorando a documentación xustificativa presentada polas empresas.

Xa que logo, procedería dar conta á Mesa de Contratación dos informes emitidos ao respecto.

Así, neste intre, a Mesa de Contratación, en acto público ao que asiste D. Iago Merino Vidal; procédese a dar conta dos informes técnicos emitidos ao respecto. Nestes informes -que se publicará na PLACSP para o seu coñecemento por calquera interesado/a-, consideranse xustificadas a oferta económicas presentadas polas licitadoras; e conclúese:

Lote 1:

"A vista do exposto e analizado o escrito presentado pola compañía aseguradora MGS no expediente de contratación do servizo de seguros, en concreto para o Lote 1 correspondiente o seguro de accidentes das actividades deportivas e culturais do Concello de Oleiros, consideramos que o escrito xustifica adecuadamente a súa oferta económica presentada, e detalla as condicións excepcionalmente favorables de que dispoñe para executar a prestación nos termos ofertados e esixidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescripcions técnicas.





Logo do anterior, á vista do escrito presentado en prazo pola compañía aseguradóra MGS e que lle foi requerida para a xustificación da viabilidade da súa oferta económica, consideramos que MGS xustifica correctamente a oferta económica presentada e propoñemos a súa aceptación polos motivos sinalados neste informe. ”

Lote 2:

“A vista do exposto, analizado o escrito presentado por la compañía aseguradora PREVIS SEGUROS no expediente de contratación do servizo de seguros para o seguro de accidentes dos membros da Corporación Municipal do Concello de Oleiros, consideramos que o escrito xustifica adecuadamente a súa oferta, e detalla as condicións excepcionalmente favorables de que dispoñe para executar a prestación nos termos ofertados e esixidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Logo do anterior, á vista do escrito presentado en prazo pola compañía aseguradóra PREVIS SEGUROS e que lle foi requerida para a xustificación da viabilidade da súa oferta económica, tendo en conta o escrito, consideramos que PREVIS SEGUROS xustifica correctamente a oferta económica presentada e propoñemos a súa aceptación polos motivos sinalados neste informe. ”

Lote 4:

“A vista do exposto, analizado o escrito presentado por la compañía aseguradora PREVIS SEGUROS no expediente de contratación do servizo de seguros para o seguro de accidentes dos traballadores sociais do Concello de Oleiros, consideramos que o escrito xustifica adecuadamente a súa oferta, e detalla as condicións excepcionalmente favorables de que dispoñe para executar a prestación nos termos ofertados e esixidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Logo do anterior, á vista do escrito presentado en prazo pola compañía aseguradóra PREVIS SEGUROS e que lle foi requerida para a xustificación da viabilidade da súa oferta económica, tendo en conta o escrito, consideramos que PREVIS SEGUROS xustifica correctamente a oferta económica presentada e propoñemos a súa aceptación polos motivos sinalados neste informe. ”

Lote 5:

“A vista do exposto e analizado o escrito presentado pola compañía aseguradora MGS no expediente de contratación do servizo de seguros, en concreto para o Lote 5 correspondiente o seguro de accidentes dos voluntarios de protección civil do Concello de Oleiros, consideramos que o escrito xustifica adecuadamente a súa oferta económica presentada, e detalla as condicións excepcionalmente favorables de que dispoñe para executar a prestación nos termos ofertados e esixidos nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas.

Logo do anterior, á vista do escrito presentado en prazo pola compañía aseguradóra MGS e que lle foi requerida para a xustificación da viabilidade da súa oferta económica, consideramos que MGS xustifica correctamente a oferta económica presentada e propoñemos a súa aceptación polos motivos sinalados neste informe. ”

En consecuencia, tendo en conta os informes técnicos emitidos, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos asistentes, acorda:

PRIMEIRO.- Admitir a esta licitación á empresa MGS, S.A. para os Lotes 1 e 5 por considerar xustificadas as ofertas anormalmente baixas presentadas para estes lotes.





SEGUNDO.- Admitir a esta licitación á empresa PREVISIÓN BALEAR, M.P.S. para os Lotes 2 e 4 por considerar xustificadas as ofertas anormalmente baixas presentadas para estes lotes.

A continuación, os servizos económicos da Mesa proceden á valoración das ofertas admitidas no sobre nº 3 dos LOTES 1, 2, 4 e 5, resultando:

LOTE 1. PÓLIZA DE ACCIDENTES E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS.	31.853,98 €
MAPFRE VIDA, S.A.	32.365,46 €
MGS, S.A.	14.095,00 €
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	23.975,16 €
W.R. BERKLEY EUROPE AG	36.000,00 €

Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación, resultando que, da análise feita polos técnicos municipais, resultan as puntuacións que se citan no seguinte cadro:

<u>LOTE 1</u>	<u>HELVETIA</u>	<u>MAPFRE</u>	<u>MGS</u>	<u>PREVISIÓN BALEAR</u>	<u>W.R. BERKLEY</u>
OFERTA ECONÓMICA (DOUS ANOS)	31.853,98 €	32.365,46 €	14.095,00 €	23.975,16 €	36.000,00 €
PUNTUACIÓN	44,25	43,55	100,00	58,79	39,15

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

Licitador	PT TOTAL	Orden
NIF: A08171373 Razón Social: MGS, Seguros y Reaseguros S.A. Fecha Presentación: 01-08-2024 16:33	100	1
NIF: V07103419	58.79	2





Licitador	PT TOTAL	Orden
Razón Social: PREVISIÓN BALEAR, M.P.S Fecha Presentación: 01-08-2024 14:57		
NIF: A41003864 Razón Social: Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros Fecha Presentación: 01-08-2024 12:47	44.25	3
NIF: A28229599 Razón Social: MAPFRE VIDA, DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA SA Fecha Presentación: 26-07-2024 09:35	43.55	4
NIF: W0371455G Razón Social: W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España Fecha Presentación: 31-07-2024 14:26	39.15	5

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Proponerlle ao órgano de contratación a adxudicación do LOTE 1 denominado "PÓLIZA DE ACCIDENTES E ACTIVIDADES DEPORTIVAS E CULTURAIS" do contrato de servizos denominado "PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES" á empresa "MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S.A." (A08171373) polo importe de 14.095,00 € (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.

LOTE 2. PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
GENERALI ESPAÑA, S.A.	2.586,86 €
HELVETIA COMPAÑÍA SUÍZA, S.A.	1.802,06 €
MAPFRE VIDA, S.A.	1.642,80 €
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	1.185,10 €
W.R. BERKLEY EUROPE AG	2.800,00 €





Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación, resultando que, da análise feita polos técnicos municipais, resultan as puntuacións que se citan no seguinte cadro:

<u>LOTE 1</u>	<u>GENERALI</u>	<u>HELVETIA</u>	<u>MAPFRE</u>	<u>PREVISIÓN BALEAR</u>	<u>W.R. BERKLEY</u>
OFERTA ECONÓMICA (DOUS ANOS)	2.586,86 €	1.802,06 €	1.642,80 €	1.185,10 €	2.800,00 €
PUNTUACIÓN	45,81	65,76	72,14	100,00	42,33

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

Licitador	PT TOTAL	Orden
NIF: V07103419 Razón Social: PREVISIÓN BALEAR, M.P.S Fecha Presentación: 01-08-2024 14:57	100	1
NIF: A28229599 Razón Social: MAPFRE VIDA, DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA SA Fecha Presentación: 26-07-2024 09:35	72.14	2
NIF: A41003864 Razón Social: Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros Fecha Presentación: 01-08-2024 12:47	65.76	3
NIF: A28007268 Razón Social: GENERALI ESPAÑA SA DE SEGUROS Y REASEGUROS Fecha Presentación: 31-07-2024 10:25	45.81	4
NIF: W0371455G Razón Social: W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España Fecha Presentación: 31-07-2024 14:26	42.33	5

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do LOTE 2 denominado "PÓLIZA DE ACCIDENTES DE MEMBROS DA CORPORACIÓN MUNICIPAL" do contrato de servizos denominado " PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES" á empresa PREVISIÓN BALEAR, M.P.S" (V07103419) polo importe de 1.185,10€ (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas





administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.

LOTE 4. PÓLIZA DE ACCIDENTES DOS TRABALLADORES SOCIAIS.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas:

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
HELVETIA COMPANHIA SUÍZA, S.A.	828,64
MAPFRE VIDA, S.A.	920,34
MGS, S.A.	550,00
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	444,24
W.R. BERKLEY EUROPE AG	1.300,00

Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación, resultando que, da análise feita polos técnicos municipais, resultan as puntuacións que se citan no seguinte cadro:

<u>LOTE 1</u>	<u>HELVETIA</u>	<u>MAPFRE</u>	<u>MGS</u>	<u>PREVISION BALEAR</u>	<u>W.R. BERKLEY</u>
OFERTA ECONÓMICA (DOUS ANOS)	828,64 €	920,34 €	550,00 €	444,24 €	1.300,00 €
PUNTUACIÓN	53,61	48,27	80,77	100,00	34,17

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

Licitador	PT TOTAL	Orden
NIF: V07103419 Razón Social: PREVISIÓN BALEAR, M.P.S Fecha Presentación: 01-08-2024 14:57	100	1
NIF: A08171373 Razón Social: MGS, Seguros y Reaseguros S.A. Fecha Presentación: 01-08-2024 16:33	80.77	2
NIF: A41003864 Razón Social: Helvetia Compañía Suiza, Sociedad Anónima de Seguros y Reaseguros Fecha Presentación: 01-08-2024 12:47	53.61	3





Licitador	PT TOTAL	Orden
NIF: A28229599 Razón Social: MAPFRE VIDA, DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA SA Fecha Presentación: 26-07-2024 09:35	48.27	4
NIF: W0371455G Razón Social: W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España Fecha Presentación: 31-07-2024 14:26	34.17	5

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Proponerlle ao órgano de contratación a adxudicación do LOTE 4 denominado "PÓLIZA DE ACCIDENTES DOS TRABALLADORES SOCIAIS." do contrato de servizos denominado " PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES" á empresa "PREVISIÓN BALEAR, M.P.S" (V07103419) polo importe de 444,24 € (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.

LOTE 5. PÓLIZA DE ACCIDENTES AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.

De conformidade cos criterios obxectivos de adxudicación recollidos no anexo XIV do PCAP, as empresas licitadoras a este lote presentan as seguintes ofertas,

	OFERTA ECONÓMICA (dous anos)
MAPFRE VIDA, S.A.	2.396,60
MGS, S.A.	1.200,00
PREVISIÓN BALEAR, M.P.S.	1.780,32
W.R. BERKLEY EUROPE AG	2.500,00

Así, a documentación presentada polos licitadores é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación, resultando que, da análise feita polos técnicos municipais, resultan as puntuacións que se citan no seguinte cadro:

<u>LOTE 1</u>	<u>MAPFRE</u>	<u>MGS</u>	<u>PREVISION BALEAR</u>	<u>W.R. BERKLEY</u>
OFERTA ECONÓMICA (DOUS ANOS)	2.396,60 €	1.200,00 €	1.780,32 €	2.500,00 €





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

PUNTUACIÓN	50,07	100,00	67,40	48,00
------------	-------	--------	-------	-------

Dada a valoración exposta, establécese a seguinte listaxe ordenada por puntuación:

Licitador	PT TOTAL	Orden
NIF: A08171373 Razón Social: MGS, Seguros y Reaseguros S.A. Fecha Presentación: 01-08-2024 16:33	100	1
NIF: V07103419 Razón Social: PREVISIÓN BALEAR, M.P.S Fecha Presentación: 01-08-2024 14:57	67.4	2
NIF: A28229599 Razón Social: MAPFRE VIDA, DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA SA Fecha Presentación: 26-07-2024 09:35	50.07	3
NIF: W0371455G Razón Social: W.R. Berkley Europe AG, Sucursal en España Fecha Presentación: 31-07-2024 14:26	48	4

Xa que logo, a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida polas empresas participantes, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do LOTE 5 denominado “PÓLIZA DE ACCIDENTES AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL” do contrato de servizos denominado “ PLAN II DE SEGUROS DO CONCELLO, PROTECCIÓN DE RISCOS EN PÓLIZAS DE ACCIDENTES VARIOS, RC EMBARCACIÓNS E RC AUTORIDADES” á empresa “MGS SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.” (A08171373) polo importe de 1.200,00 € (exento de IVE); de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación, co prego de prescricións técnicas e coa oferta presentada.





4.- 2024/CONTRAT/000077: SERVIZO DE COORDINACIÓN DOS CLUBS DE LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS

Por Resolución da 1ª Tenente de Alcalde nº 2024003601, de 9 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “SERVIZO DE COORDINACIÓN DOS CLUBS DE LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS”.

O importe de licitación é de 39.313,68 €, ao que se lle suma un 21% de IVE (8.255,87 €), o que supón un importe de 47.569,55 € IVE engadido.

O contrato divídese nos seguintes lotes:

Lote	Orzamento sen IVE	IVE 21%	Total
Lote 1: Clubs de Lectura xeral para persoas adultas na Biblioteca Central Rialeda sita en Perillo e na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz, de <u>periodicidade quincenal</u> en cada un deles e coa duración de <u>dúas horas en cada sesión</u> .	32.964,24 €	6.922,49 €	39.886,73 €
Lote 2: Clubs de Lectura xeral para persoas adultas na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz, na Biblioteca Pública Municipal Mª José Trincado de Mera e na Biblioteca Pública Municipal Manuel María de Oleiros, de <u>periodicidade mensual</u> en cada un deles e coa duración <u>de noventa minutos en cada sesión</u> .	6.349,44 €	1.333,38 €	7.682,82 €

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 10 de xullo do 2024.

Rematado o día 26 de xullo do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta	Lotes aos que se presenta
OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.	B70493275	26-07-2024 18:50	1 e 2
SILVIA SALGADO SEVILLANO	46624588T	25-07-2024 21:31	1 e 2

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 2 de agosto do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a todas as empresas presentadas a esta licitación.





A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa” dos dous lotes do contrato, o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

Os servizos técnicos municipais emiten informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor, asinado o día 8 de agosto pola coordinadora das bibliotecas municipais de Oleiros, D^a M^a Luz Corral Uzal.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

LOTE 1:

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 deste lote e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

	Oferta presentada por Silvia Salgado	Oferta presentada por Osventos Innnovación en Servizos, S.L
A) Concordancia co medio real onde se desenvolven as actividades e grao de coñecemento da situación municipal actual en relación cos programas a desenvolver que se describen no prego (de 0 a 10 puntos)	9	2
B) Adecuación da metodoloxía a utilizar en función das persoas destinatarias (de 0 a 10 puntos)	9,5	3
C) Programación de lecturas (de 0 a 5 puntos)	4,5	2
C) Obxectivos (de 0 a 5 puntos)	5	2,5
C) Contidos (de 0 a 5 puntos)	5	1
C) Metodoloxía empregada (de 0 a 5 puntos)	5	3
C) Recursos empregados e dossieres elaborados (de 0 a 5 puntos)	4,5	1
C) Sistema de avaliación a desenvolver (de 0 a 5 puntos)	4	4
PUNTUACIÓN TOTAL	46,5 puntos	18, 5 puntos

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.





Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		<u>Osventos Innovación en Servizos S.L.</u>	<u>Silvia Salgado Sevillano</u>
OFERTA ECONÓMICA	Importe	72,29 €	67,29 €
	Puntos	0	5
EXPERIENCIA DO PERSOAL CONTRATADO	Experiencia	De 8 anos e 1 día a 10 anos	De 2 anos e 1 día a 4 anos
	Puntos	15	5
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRES 3		15	10

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	SILVIA SALGADO SEVILLANO	46624588T	46,50 / 50,00	10,00 / 50,00	56,50 / 100,00
2	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVIZOS S.L.	B70493275	18,50 / 50,00	15,00 / 50,00	33,50 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Proponerlle ao órgano de contratación a adxudicación do **LOTE 1** (*Clubs de Lectura xeral para persoas adultas na Biblioteca Central Rialada sita en Perillo e na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz, de periodicidade quincenal en cada un deles e coa duración de dúas horas en cada sesión*) do contrato denominado "SERVIZO DE COORDINACIÓN DOS CLUBS DE LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS" a SILVIA SALGADO SEVILLANO (46624588T) por un importe unitario de 67,29 €; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

LOTE 2:

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 deste lote e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.





Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións das empresas admitidas para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:

	Oferta presentada por Silvia Salgado	Oferta presentada por Osventos Innovación en Servizos, S.L.
A) Concordancia co medio real onde se desenvolven as actividades e grao de coñecemento da situación municipal actual en relación cos programas a desenvolver que se describen no prego (de 0 a 10 puntos)	9	2
B) Adecuación da metodoloxía a utilizar en función das persoas destinatarias (de 0 a 10 puntos)	9,5	3
C) Programación de lecturas (de 0 a 5 puntos)	5	2
C) Obxectivos (de 0 a 5 puntos)	5	2,5
C) Contidos (de 0 a 5 puntos)	5	1
C) Metodoloxía empregada (de 0 a 5 puntos)	5	3
C) Recursos empregados e dossieres elaborados (de 0 a 5 puntos)	4,5	1
C) Sistema de avaliación a desenvolver (de 0 a 5 puntos)	4	4
PUNTUACIÓN TOTAL	47 puntos	18,5 puntos

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

CRITERIO		<u>Osventos Innovación en Servizos S.L.</u>	<u>Silvia Salgado Sevillano</u>
OFERTA ECONÓMICA	Importe	66,14 €	61,14 €
	Puntos	0	5
EXPERIENCIA DO PERSOAL CONTRATADO	Experiencia	De 8 anos e 1 día a 10 anos	De 2 anos e 1 día a 4 anos
	Puntos	15	5
PUNTUACIÓN TOTAL SOBRES 3		15	10

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	SILVIA SALGADO SEVILLANO	46624588T	47,00 / 50,00	10,00 / 50,00	57,00 / 100,00
2	OSVENTOS INNOVACIÓN EN SERVICIOS S.L.	B70493275	18,50 / 50,00	15,00 / 50,00	33,50 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do **LOTE 2** (*Clubs de Lectura xeral para persoas adultas na Biblioteca Pública Municipal e Centro de Documentación da Muller Rosalía de Castro de Santa Cruz, na Biblioteca Pública Municipal M^a José Trincado de Mera e na Biblioteca Pública Municipal Manuel María de Oleiros, de periodicidade mensual en cada un deles e coa duración de noventa minutos en cada sesión.*) do contrato denominado "SERVIZO DE COORDINACIÓN DOS CLUBS DE LECTURA NAS BIBLIOTECAS PÚBLICAS MUNICIPAIS DE OLEIROS" a SILVIA SALGADO SEVILLANO (46624588T) por un importe unitario de 61,14 €; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.





CONCELLO DE
OLEIROS

> SECRETARÍA XERAL
Contratación e Patrimonio

Tfno.: [981.610.000]
Correo-e: contratacion@oleiros.org

5. 2024/CONTRAT/000067: DIRECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS

Por Decreto da Alcaldía nº 2024003480, de 2 de xullo do 2024, aprobouse o procedemento aberto para a contratación do servizo denominado “DIRECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS”.

O importe de licitación é de 504.269,98 €, importe exento de iva, de conformidade co establecido no artigo 20.1.9º da Lei 37/1992, de 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido (BOE do 29 de decembro de 1992).

Para os efectos de presentación de ofertas publicouse anuncio no DOUE e no Perfil do Contratante do órgano de contratación o día 3 de xullo do 2024.

Rematado o día 1 de agosto do 2024 o prazo de presentación de ofertas resulta que se presentaron as seguintes:

Nome da empresa	Nº Identificación	Data e hora de presentación de oferta
ABELLA ARTES ESCÉNICAS S.L.	B70546148	01-08-2024 12:34

A Mesa de Contratación, reunida o pasado día 2 de agosto do 2024, procedeu á apertura e comprobación do arquivo ou sobre electrónico nº 1 presentado polas empresas licitadoras denominado “Documentación administrativa” e acordou admitir a única empresa presentada a esta licitación.

A continuación procedeuse a apertura do arquivo ou sobre electrónico nº 2 denominado “Proposta suxeita a avaliación previa, o cal foi remitido a informe dos servizos técnicos para a súa avaliación de conformidade cos criterios reflectidos no Anexo XIII do PCAP.

Os servizos técnicos municipais emiten informe técnico de valoración das ofertas suxeitas a xuízo de valor, asinado o día 8 de agosto polo pedagogo municipal, D. Anxo Barreiros de la Torre.

Procedería que, neste acto, a Mesa tomara coñecemento do devandito informe e procedera, se é o caso, á apertura da documentación contida no sobre nº 3 denominado “Oferta económica e proposta suxeita a avaliación posterior”.

Así, a continuación, a Mesa procede, en acto público ao que non se presenta ningún asistente, a tomar coñecemento do informe técnico emitido ao respecto dos sobres nº 2 e á posterior apertura, se é o caso, da documentación contida nos sobres nº 3.

Do informe emitido, que se publicará na PLACSP xunto coa Acta desta Mesa, extráense as seguintes puntuacións da única oferta presentada e admitida para os criterios subxectivos a valorar consonte ao PCAP:





ABELLA ARTES ESCÉNICAS, S.L.

ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA	
Apartados	Ptos
Planos de estudos de todas asignaturas por niveis	9,41
Planos para o desenvolvemento das agrupacións	3,98
Obxectivos xerais, núm. als, asignaturas e outras actividades que se oferten, e horarios de cada asignatura.	2,20
Programa de verán	2,15
Total	17,74

ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO	
Apartados	Ptos
Planos de estudos de todas asignaturas por niveis	11,00
Planos para o desenvolvemento das agrupacións	4,75
Obxectivos xerais, núm. als, asignaturas e outras actividades que se oferten, horarios de cada asignatura.	2,45
Programa de verán	2,10
Total	20,30

Escola municipal de danza	Escola municipal de teatro	Puntuación final
17,74 pts	20,30 pts	38,04 pts

A continuación, a Mesa procede á apertura e comprobación da documentación contida no sobre número 3, correspondente á oferta económica e demais criterios obxectivos citados no prego de cláusulas administrativas. Esta documentación é remitida aos servizos económicos da Mesa para a súa avaliación.

Así, os servizos económicos da Mesa de Contratación, unha vez comprobado que, consonte ao establecido nos pregos, as ofertas presentadas non se atopan en situación de oferta anormalmente baixa, proceden a valoralas e puntualas. O resumo das puntuacións achégase no seguinte cadro:

		<u>Abella Artes Escénicas S.L.</u>	
OFERTA ECONÓMICA (ata 35,00 puntos)	Oferta EMDO	369.000,00 €	0,01 pts
	Oferta EMUTO	135.000,00 €	0,13 pts
	PUNTUACIÓN TOTAL	0,14 pts	
EXPERIENCIA DO EQUIPO DOCENTE E DIRECTIVO (ata 15,00 puntos)	EMDO	O número de cursos escolares completos do persoal docente e directivo ofertado pola empresa supera o máximo puntuable neste apartado	7,50 pts





	EMUTO	O número de cursos escolares completos do persoal docente e directivo ofertado pola empresa supera o máximo puntuable neste apartado	7,50 pts
	PUNTUACIÓN TOTAL		15 pts
PUNTUACIÓN SOBRES 3			15,14 pts

Dada a valoración exposta, establécense as seguintes listaxes ordenadas por puntuación:

POSIC.	EMPRESA	NIF	Sobre 2	Sobre 3	TOTAL
1	ABELLA ARTES ESCÉNICAS, S.L.	B70546148	38,04 / 50,00	15,14 / 50,00	53,18 / 100,00

E a Mesa de Contratación, vista a puntuación obtida, por unanimidade dos asistentes, adopta o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Propoñerlle ao órgano de contratación a adxudicación do contrato de servizos denominado "DIRECCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO CENTRO MUNICIPAL DE ARTES ESCÉNICAS" a empresa ABELLA ARTES ESCÉNICAS, S.L. (B70546148) polos importes que de seguido se citarán; de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares regulador desta licitación e coa oferta presentada.

ESCOLA MUNICIPAL DE DANZA	369.000,00 €
ESCOLA MUNICIPAL DE TEATRO	135.000,00 €

(*) *CONTRATO EXENTO DE IVE, de conformidade co establecido no artigo 20.1.º da Lei 37/1992, de 28 de decembro do Imposto sobre o Valor Engadido (BOE do 29 de decembro de 1992).*

Non habendo máis asuntos a tratar, eu, como Secretario, certifico co visto e praxe da Presidenta.

En Oleiros, asinado dixitalmente polo Secretario da Mesa de Contratación, don Iago A. López Álvarez, e a presidenta da Mesa de Contratación D^a Sandra Fernández Fernández, Concelleira delegada de Economía, Facenda e Contratación.

